

# NORMAS COMEDOR ESCOLAR

## C.E.I.P. CARRASQUEIRA-CORUXO

### OBXECTIVOS

Crear hábitos alimentarios saudables.

Adquirir hábitos de hixiene antes, durante e despois de comer.

Adquirir normas de educación e saber estar na mesa.

Desenvolver a adquisición de hábitos sociais, normas de urbanidade e cortesía e correcto uso e conservación dos útiles de comedor.

Fomentar actitudes de axuda e colaboración entre os compañeiros, prestando atención aos máis pequenos.

Fomentar actitudes de convivencia e solidariedade.

Utilizar correctamente os materiais e instalacións.

Desenvolver actividades lúdicas de libre elección que contribúan ao desenvolvemento da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais.

Respectar aos compañeiros de distinta relixión, sexo, idioma, raza, ..., facilitando e colaborando activamente na súa integración.

## NORMAS

- ✓ Todo o alumnado lavará as mans antes de comer.
- ✓ Entrarán no comedor e sentarán según orde de entrada para non deixar ocios baleiros.
- ✓ Ninguén se levantará da mesa sen autorización dun colaborador.
- ✓ Levantaránse sen arrastrar a cadeira.
- ✓ Durante a comida falarán suave, en voz baixa, sen berrar e prestarán atención ás indicacións que se lles fagan.
- ✓ Empregarán adecuadamente os cubertos e a vaixela. Evitarase coller os alimentos coas mans.
- ✓ Masticarán correctamente, coa boca pechada. Evitarán falar coa boca chea.
- ✓ Evitarán tirar ao chan cubertos ou restos de comida. Se o fixesen, deberán recollelos antes de saír.
- ✓ Non está permitido sacar comida fóra do comedor.
- ✓ Dirixiránse aos colaboradores con respecto. Pedirán o que precisen “por favor”, con tono axeitado e sen levantarse da cadeira.
- ✓ Han de respectar aos compañeiros. Non se xogará na mesa nin se molestará aos compañeiros de mesa.
- ✓ Farán saber ao colaborador as incidencias que ocorran na mesa se non fosen advertidas por ditas persoas.
- ✓ Todos os comensais deberán comer o mesmo menú do día, agás aqueles que por motivos de saúde (certificado por un médico) non poidan tomar algún alimento.
- ✓ Todo o alumnado lavará os dentes e as mans despois de comer.
- ✓ Utilizarán correctamente os instalación e os materiais.
- ✓ Está prohibido entrar nas aulas.

*Durante todo o tempo que comprende o servizo de comedor escolar, o alumnado permanecerá sempre dentro do recinto escolar, no patio ou nas dependencias habilitadas.*

*Aqueles usuarios do comedor que non cumpran as normas establecidas serán amonestados. Se a falta é reiterada ou grave, podería chegar a perder temporal ou definitivamente o dereito ao uso do servizo.*

FALTAS LEVES	FALTAS GRAVES	FALTAS MOI GRAVES
A negligencia no trato do material e instalación que poidan ocasionar suciedade e desperfectos	A reincidencia de 4 faltas leves	A reincidencia de 3 faltas graves
As disputas dentro e fóra do comedor entre compañeiros	A falta de respecto cara o persoal colaborador ou cara os propios compañeiros	O roubo ou furto do material de comedor, do colexio ou doutros compañeiros
Faltas contra as normas elementais de educación	Saír do recinto escolar sen permiso	A falta de respecto ás persoas que entrañe unha notable vexación das mesmas
A falta de hixiene	O deterioro do material ou menaxe	A violencia física ou moral exercida contra calquera persoa
A impuntualidade á hora das entradas e saídas	Tirar calquera alimento no comedor	A inxuria ou calumnia cara o persoal de comedor ou compañeiros, sempre que revista especial gravidade
Alborotar ou berrar nas filas		
Berrar no período da comida		
SANCIÓNS		
Amonestación oral ou escrita	Amonestación escrita enviada aos pais/titores	Expulsión temporal ou definitiva do comedor escolar
Restitución do material danado (de ser o caso)	Restitución do material danado (de ser o caso)	Restitución do material danado ou furtado (de ser o caso)
	Petición de escusas á persoa ou persoas afectadas	
	Expulsión temporal do comedor escolar (2 días)	

Estas faltas serán sancionadas polo Consello Escolar a proposta da Dirección, persoa na que ésta delegue ou a persoa encargada do comedor.

Ademais do incumprimento das normas, considéranse condutas sancionables as seguintes:

- A relación entre compañeiros ligadas a insultos, agresións, coacións, especialmente cos máis pequenos.
- Falta de respecto e malas contestacións aos colaboradores e persoa encargada do comedor escolar.
- Un mal uso intencionado do material e das instalacións.
- A non aceptación das normas de funcionamento en canto a comportamento e actitude dentro do comedor.